

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 24 de xullo de 2025 pola que se establece un período de veda na ría de Arousa para a captura do choco.

Antecedentes:

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra achega, con data do 21 de xullo de 2025 e co número de rexistro de saída 138/25, a solicitude de establecemento dunha veda para a pesca do choco na Ría de Arousa por dentro das liñas de referencia do anexo III do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, desde o 28 de xullo ata o 31 de outubro de 2025.

Con data do 23 de xullo de 2025, a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña achega a solicitude de establecemento dunha veda para a pesca do choco na ría de Arousa, nos mesmos termos ca os sinalados pola Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra.

Consideracións legais e normativas:

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia, indícanos, no artigo 6.1, que a política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, terá como obxectivo «o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación e á explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos».

Ademais, co fin de asegurar os obxectivos recollidos na lei, establece que lle corresponde á consellería competente en materia de pesca, logo de audiencia do sector afectado, o «establecemento de vedas temporais ou zonas para determinadas especies, así como dos fondos autorizados» - artigo 7.2.h).

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu



artigo 50.3 que «as embarcacións menores de 2,5 TRB ou 1,75 GT poderán utilizar trasmallos por dentro do anexo III a unha distancia mínima de 100 metros da costa ou a unha profundidade mínima de 5 metros, no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril, salvo o período en que se decreta a veda temporal dalgunha especie ou zona».

Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partir do mes de xuño a porcentaxe de individuos xuvenís capturados incrementase nun 67 % respecto a meses anteriores, en que se recomenda limitar o emprego das diferentes artes de pesca nas zonas mais interiores das rías (por dentro do anexo III), e consultado o sector na zona,

RESOLVO:

Establecer unha veda para a pesca do choco na ría de Arousa, por dentro das liñas de referencia do anexo III que aparecen reflectidas no citado Decreto 15/2011, desde o día 28 de xullo de 2025 ata o 31 de outubro de 2025, ambos inclusive.

Así mesmo, queda prohibida a captura, tenza a bordo, transbordo, comercialización ou venda desta especie con calquera das artes incluídas no devandito Decreto 15/2011. As capturas accidentais deberán ser devoltas ao mar.

Do mesmo xeito, esta veda inclúe tamén á pesca marítima de recreo segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia, que, establece no seu artigo 26-1 «Seranlle aplicables á pesca marítima de recreo as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional».

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2025

A conselleira do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022; DOG nº 41, do 1 de marzo)
Cándido Rial Rodríguez
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

CVE-DOG: cnzmfdh9-c0k2-a9o8-e4y7-o76wht4v4wi1

